

ALFABETIZACIÓN **IN**FORMACIONAL



Formación de usuarios
Biblioteca Xoán Farías

LER CIENCIA NA BIBLIOTECA



CAZA DO TESOURO: EXPERIENCIAS NO CEIP DE PAZOS

Biblioteca Xoán Fariás

Abril - maio 2014

LER CIENCIA NA BIBLIOTECA - CAZA DO TESOURO

PARTICIPANTES:

Oito equipos de oito nenos/as (un nome e cor por equipo). Todos os cursos mesturados, dirixidos por un maior. O rol dos maiores é fundamental para o bo funcionamento do grupo, xa que deberán acompañar, guiar e axudar aos máis pequenos, coidando de que o clima sexa distendido, tranquilo e seguro para todos e todas.

EQUIPOS:

Equipo 1: Equipo Antón Cortizas

Equipo 2: Equipo Paula Carballeira

Equipo 3: Equipo Antonio García Teijeiro

Equipo 4: Equipo Ánxela Loureiro

Equipo 5: Equipo Anxo Moure

Equipo 6: Equipo Fina Casalderrey

Equipo 7: Equipo Fran Alonso

Equipo 8: Equipo Gloria Sánchez

DESENVOLVEMENTO:

Haberá oito emprazamentos distribuídos polas instalacións do centro, a cargo dunha mestra ou un mestre. En cada un deles pasarase unha proba-experimento. Cada unha ten que ser





CAZA DO TESOURO: EXPERIENCIAS NO CEIP DE PAZOS

Biblioteca Xoán Fariás

Abril - maio 2014

"superada" por todos os integrantes do grupo. Cada grupo comeza no posto que leve o seu número. Así, o Equipo Antón Cortizas (Nº1), empezará na proba número 1; o Equipo Paula Carballeira (Nº 2), empezará na proba número 2...

Os equipos irán adquirindo unha das oito pezas do seu puzzle. Ao rematar todo o circuíto contarán coas oito necesarias. Un encargado levará o sobre completo á mesa marcada co nome e cor do seu equipo, ubicada no corredor da Biblioteca.

Despois do recreo, os grupos deberán compoñer o puzzle da portada do libro de ciencias que lles tocasse. A continuación emparellarano coa etiqueta do libro correspondente impresa en grande para o xogo. E por último localizarano no andel.

No libro haberá unha chave da cor do seu equipo coa que poderán abrir o **baúl do tesouro**, logo de dicir o conxuro do chaveiro que leva.

ROLES DOS XOGADORES:

CAPITÁN/ANA: Guía e dirixe o grupo procurando un entorno agradable.

VIXÍA: Coida de que o grupo estea sempre unido e non quede nunca ninguén atrás.

COIDADOR/A: Coida dos máis pequenos nos desprazamentos ao





CAZA DO TESOURO: EXPERIENCIAS NO CEIP DE PAZOS

Biblioteca Xoán Fariás

Abril - maio 2014

longo de todo o xogo.

AXUDANTE GRUMETE I: Axuda aos máis pequenos na realización das probas.

AXUDANTE GRUMETE II: Axuda aos máis pequenos na realización das probas.

RECADADEIRO/A DE PEZAS: Recolle en cada punto do percorrido a peza obtida despois de teren superada a proba.

TESOREIRO/A: É portador ou portadora do sobre coas pezas ata que remata.

MENSAXEIRO/A: Será quen leve o sobre con todas as pezas do puzzle á mesa do corredor da biblioteca. Logo sairá ao recreo.

EXPERIMENTOS:

1. Experimentos coa música.
2. Circuito eléctrico.
3. Imáns e compás.
4. Composición de palabras en inglés.
5. Efectos ópticos.
6. Vasos comunicantes/tensión superficial.
7. Medición e peso de corpos. Medición de distancias.
8. Os corpos e a salinidade da auga.





CAZA DO TESOURO: EXPERIENCIAS NO CEIP DE PAZOS

Biblioteca Xoán Fariás

Abril - maio 2014

PROFESORADO ENCARGADO e UBICACIÓN DAS PROBAS:

1. Experimentos coa música. **Mateo**. Na aula de Música.
2. Circuito eléctrico. **Feli**. Na aula de 3º.
3. Imáns e compás. **Isabel**. Na aula de 4º.
4. Composición de palabras en inglés. **Bea**. Na aula de inglés.
5. Efectos ópticos. **Cris**. Na sala de audiovisuais.
6. Vasos comunicantes/tensión superficial. **Rosa**. No laboratorio
7. Medición e peso de corpos. Medición de distancias. **Ramón**. No ximnasio.
8. Flotabilidade: comportamento dos corpos segundo a salinidade da auga. **Manuela**. Na aula de 1º.

MATERIAL:

- Material diverso para os diferentes experimentos. Especificaranse con cada un deles.
- Mural previo para animación ao xogo. (Semana anterior)
- Oito portadas de libros impresas en color, tamaño A4, para recortar pezas do puzzle.
- Oito sobres transparentes con identificación do nome do





CAZA DO TESOURO: EXPERIENCIAS NO CEIP DE PAZOS

Biblioteca Xoán Fariás

Abril - maio 2014

equipo e color, para ir metendo as pezas obtidas.

- Unha tarxeta por equipo co itinerario que seguirá.
- Oito identificacións para as mesas onde se montarán os puzzles. (Mesas distribuídas ao longo do corredor da Biblioteca)
- Unha identificación por participante de cada equipo. (en adhesivo)
- Oito chaves de cores para gardar dentro dos libros seleccionados, cun chaveiro-conxuro.
- Texto - Localización do cofre do Tesouro (dentro da Biblioteca).
- Oito etiquetas para emparellar coas portadas dos libros.
- Rexistro para cada equipo dos roles dos membros dos equipos.
- Mapa distribución das probas.
- Tarxetas individuais cos roles dentro do equipo.










CAZA DO TESOURO: EXPERIENCIAS NO CEIP DE PAZOS

Biblioteca Xoán Fariás

Abril - maio 2014

LIBROS: (Escollidos entre as diferentes seccións da biblioteca)



ETIQUETAS:

- 7/ /ilu
- 82N-C/SER/oja
- 9/CUG/alb
- 82P-C/VAL/uni
- 0/ /máq
- 6/WIL/far
- 6/MAC/cóm
- 5/MAY/cie





CAZA DO TESOURO: EXPERIENCIAS NO CEIP DE PAZOS

Biblioteca Xoán Fariás

Abril - maio 2014

AS OITO PROBAS:

- 1. A ONDA SONORA:** Trátase de experimentar co son. Ver as diferenzas da onda sonora, cambiantes segundo a materia ou medio sobre os que se propague.

Material:

Caixa de música e diferentes caixas de resonancia

Bandexa plástica

Vaso de cristal

Corda e 2 vasos

Diapasón

Auga

- 2. CIRCUÍTO ELÉCTRICO:** Coñecerán as partes dun circuÍto eléctrico: xerador, cable condutor e lámpada ou dispositivo de son. Consiste nun xogo no que deberán chegar dun extremo dun panel ao outro deslizando un pasador por una variña metálica. Non poden en ningún momento tocar dita variña. Haberá diferentes dificultades.

Material:





CAZA DO TESOURO: EXPERIENCIAS NO CEIP DE PAZOS

Biblioteca Xoán Fariñas

Abril - maio 2014

Circuíto eléctrico 1, con activador de luz.

Circuíto eléctrico 2, con activadores de luz e son.

- 3. IMÁNS E COMPÁS:** Observarán os efectos dos imáns sobre o ferro. Constará de dúas partes: na primeira construírán un compás imantando una agulla. Na segunda, localizarán "chapas" agochadas coa axuda dun imán. Cada chapa ten unha letra. Ordearán as letras para compoñer unha palabra "misteriosa".

Material:

Bandexa con auga.

Agulla de ferro.

Imáns de distintas forzas.

Area, papel triturado...

- 4. COMPOSICIÓN DE PALABRAS EN INGLÉS:**

Dependendo da idade completarán con palabras dadas, ou compoñerán palabras con letras desordeadas para emparellas, en calquera caso, con cadansúa ilustración.





CAZA DO TESOURO: EXPERIENCIAS NO CEIP DE PAZOS

Biblioteca Xoán Fariás

Abril - maio 2014

Material:

Láminas con diversas ilustracións relacionadas coa ciencia.

Magnéticos para suxección.

Palabras recortadas, separadas por letras para a súa composición.

Dúas fichas para completar.

- 5. EFECTOS ÓPTICOS:** Trátase de proxectar diferentes ilusións ópticas, primeiro na pantalla. Logo de experimentar isto, manipularán dúas pezas para seguir observando como o noso cerebro non sempre capta a realidade e nos fai ver obxectos ou situacións que non existen como tal. Por último elaborarán as súas propias pezas (segundo modelo)

Material:

Once láminas para proxectar e reparar en diferentes ilusións ópticas.

Proxector.

Plantilla para elaborar o propio xogo.

Cartolinas azuis e vermellas.

Tesoiras e lapis.





CAZA DO TESOURO: EXPERIENCIAS NO CEIP DE PAZOS

Biblioteca Xoán Fariás

Abril - maio 2014

6. VASOS COMUNICANTES E TENSIÓN SUPERFICIAL:

Vasos comunicantes: Comprobarán como os líquidos en repouso tenden a alcanzar un mesmo nivel en dous recipientes. A presión atmosférica e a gravidade son iguais para ambos (Principio de Pascal, no S. XVII).

Tensión superficial: A tensión superficial é a que permite a algún insectos desprazarse pola superficie da auga sen se afundir. A través desta experiencia comprobarán como é posible romper a tensión superficial botando unha simple pinga de xabón nunha peza de cartón que flota sobre a auga; este comezará a moverse.

Material:

Xarra de auga

9 vasos pequenos de plástico

Rolo papel de cociña

Barquiños de cartolina

Pipeta e xabón.

Almofía ou bandexa plástica.





CAZA DO TESOURO: EXPERIENCIAS NO CEIP DE PAZOS

Biblioteca Xoán Fariás

Abril - maio 2014

7. MEDICIÓN E PESO DE CORPOS. MEDICIÓN DE DISTANCIAS: Medirán e pesarán os seus propios corpos e anotarán nunha única táboa, por onde pasarán todos os equipos. Tamén farán lanzamentos con balóns medicinais para comparar lonxitudes.

Material:

Báscula.

Cinta métrica.

Balóns medicinais.

Plantilla para anotar medidas.

8. FLOTABILIDADE: Comprobarán a capacidade dun corpo a manterse dentro ou sobre a superficie dun líquido, dependendo das forzas exercidas sobre ese corpo; neste caso, un ovo. Se a forza exercida na parte inferior do ovo é maior có peso do obxecto, este flotará. E ao revés.

9. Material:

Ovos

Auga

Sal

Balde.





CAZA DO TESOURO: EXPERIENCIAS NO CEIP DE PAZOS

Biblioteca Xoán Fariás

Abril - maio 2014

SOLUCIÓN DO MAPA DO TESOURO:

	EQUIPO	LIBRO	ETIQUETA
1	Antón Cortizas	Ilusiones mágicas	7/ /ilu
2	Paula Carballeira	Albert Einstein	9/CUG/alb
3	Antonio García Teijeiro	Faraday	6/WIL/far
4	Ánxela Loureiro	Ciencia al aire libre	5/MAY/cie
5	Anxo Moure	Cómo se ha inventado casi todo	6/MAC/cóm
6	Fina Casalderrey	¡Ojalá no hubiera números!	82N- C/SER/oja
7	Fran Alonso	Máquinas asombrosas	0/ /máq
8	Gloria Sánchez	El Universo	82P- C/VAL/uni





CAZA DO TESOURO: EXPERIENCIAS NO CEIP DE PAZOS

Biblioteca Xoán Fariás

Abril - maio 2014

TEMPORALIZACIÓN:

- Preparación ao longo do mes de abril.
- Explicación da **CAZA do TESOURO**, o 28/04/14, nas aulas.
- Execución, o martes, 29/04/14.
 - Distribución do material no salón de Usos múltiples, ás 9,15h.
 - Comezo da primeira parte da Caza do Tesouro, ás 9,45h.
 - Recreo, ás 11, 45h.
 - Comezo da Segunda parte do xogo, ás 12,15h.



ALFABETIZACIÓN **IN**FORMACIONAL

8B



Formación de usuarios
Biblioteca Xoán Farías

REPRODUCCIÓN DO MAPA DO TESOURO



CAZA DO TESOURO: LER CIENCIA NA BIBLIO XOÁN FARIAS

UN MEIGALLO FEITICEIRO
TERAS QUE RECITAR,
UN CONXURO BENÉFICO,
CIENTÍFICO, ESDRÚXULO,
IGNÍFUGO, MAI ÚSCULO,
ESPERPÉNTICO E RANÚNCULO
CARA ADIANTE E CARA
ATRÁS.

**¡EUREKA!, DI A CHAVE,
SE A UTILIZAS CON ESMERO,
UNHA VOLTA E OUTRA MÁIS,
¡ABRACADABRA!:
¡O COFRE ABRIRÁ!**



Escollede
A vosa
ETIQUETA

82N-C/SER/oja

5/MAY/cie

6/MAC/cóm

7/ /ilu

6/WIL/far

9/CUG/alb

0/ /máq

82P-C/VAL/uni

Caza do Tesouro. Ler ciencia na Biblio Xoán Farias

**LOGO DE ESCOLLER A ETIQUETA, APUNTÁDEVOS
NA "FOLLA DE REXISTRO DE EQUIPOS E ETIQUETAS",
E SOLICITADE A VOSA.**

REXISTRO DE EQUIPOS E ETIQUETAS:

Nº	EQUIPO	ETIQUETA
		82N-C/SER/oja
		5/MAY/cie
		6/MAC/cóm
		7/ /ilu
		6/WIL/far
		9/CUG/alb
		0/ /máq
		82P-C/VAL/uni